



RESOLUCIÓN do tribunal das probas selectivas para o ingreso na escala técnica de grao medio, subescalas do subgrupo A2, de persoal funcionario desta universidade, convocadas por Resolución do 27 de agosto de 2019 (DOG do 9 setembro) pola que se publican as notas definitivas do terceiro exercicio e se abre o prazo de presentación de méritos.

O tribunal, na súa sesión de 16/2/2022,

ACORDOU:

Primeiro: contestar ao escrito de revisión de cualificación que solicitou a persoa aspirante á Subescala secretario técnico (centros tecnolóxicos) – Subgrupo A2.

Segundo: publicar na Sede Electrónica da Universidade da Coruña (UDC) as **notas definitivas do 3º exercicio** (supostos prácticos) da fase de oposición, que figuran nun documento anexo por cada unha das subescalas.

Terceiro: establecer un prazo de **cinco días hábiles**, que contarán a partir do día seguinte ao desta publicación na Sede Electrónica da UDC, para presentar reclamacións contra as notas definitivas. A presentación das reclamacións, dirixidas ao presidente do tribunal, farase no Rexistro Electrónico da UDC, ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto: dentro do prazo de **cinco días hábiles** mencionado no punto anterior, as **persoas aspirantes que superen a fase de oposición e que aleguen méritos na fase de concurso** deberanos acreditar mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou das copias compulsadas, de acordo co punto 2.2 da convocatoria. A presentación desta documentación, dirixida ao presidente do tribunal, farase no Rexistro Electrónico da UDC, ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinto: no caso de que as persoas aspirantes aleguen méritos, o tribunal solicitaralle á Xerencia que expida a certificación referida á data en que rematou o prazo de presentación de solicitudes, que acredite os datos indicados nos puntos 2.2 e 2.4 da convocatoria (antigüidade, grao persoal e nivel de complemento de destino).

O presidente do tribunal
Ramón José Noguerol Gómez

Código Seguro De Verificación	x0JnCj5wVJxt+t6GxegHAg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón José Noguerol Gómez	Asinado	17/02/2022 14:35:54
Observacións	O presidente do tribunal	Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/x0JnCj5wVJxt+t6GxegHAg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO

PROMOCIÓN INTERNA ESCALA TÉCNICA DE GRAO MEDIO, SUBESCALAS A2

NOTAS DEFINITIVAS DO TERCEIRO EXERCICIO (SUPOSTOS PRÁCTICOS)

De conformidade co disposto nas normas específicas, punto 3.1.3 do anexo 4 da convocatoria, a puntuación será de 0 a 30 puntos, e será necesario obter un mínimo de 15 puntos en total para poder superar o exercicio, cun mínimo de 6 puntos en cada un dos supostos.

Subescala actividades culturais - subgrupo A2:

DNI	APELIDOS E NOME	1º suposto	2º suposto	TOTAL
****625S	Castro De Paz, David	7,50	8	15,50
****324C	Cordal Fustes, Jorge	9,50	9,50	19

Subescala calidade – subgrupo A2:

DNI	APELIDOS E NOME	1º suposto	2º suposto	TOTAL
****426N	Fraga Mosquera, María Amelia	12,30	14	26,30

Subescala cooperación e voluntariado – Subgrupo A2:

DNI	APELIDOS E NOME	1º suposto	2º suposto	TOTAL
****021S	Rilo Pérez, Lorena	9,50	10,25	19,75

Subescala secretario técnico (centros tecnolóxicos) – Subgrupo A2:

DNI	APELIDOS E NOME	1º suposto	2º suposto	TOTAL
****459B	Díaz Brañas, José Manuel	3,30	9,65	12,95

Subescala secretario técnico (Unidade de Coordinación Laboratorios) – Subgrupo A2:

DNI	APELIDOS E NOME	1º suposto	2º suposto	TOTAL
****255D	Padín Viaño, María Blanca	11,35	13,50	24,85

Código Seguro De Verificación	x0JnCj5wVJxt+t6GxegHAg==	Estado	Asinado	Data e hora	17/02/2022 14:35:54
Asinado Por	Ramón José Nogueuel Gómez	Páxina	2/2		
Observacións	O presidente do tribunal				
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/x0JnCj5wVJxt+t6GxegHAg==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				

